

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4020 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos. («BOE» 56, do 5-3-2004.)*

Advertidos erros no Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do 1 de abril de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 802, primeira columna, artigo 1, número 2, as alíneas a) e b) quedarán substituídas polo seguinte: «Este regulamento será de aplicación ós preparados que conteñan polo menos unha substancia perigosa, de acordo coas definicións establecidas no artigo 2 e que se consideren perigosos de acordo co establecido nos artigos 5, 6 ou 7 deste regulamento».

Na páxina 818, primeira columna, cadro V, onde di: «Clasificación do preparado», debe dicir: «Clasificación da substancia». Ao mesmo tempo, onde di: «Clasificación da substancia», debe dicir: «Clasificación do preparado».

Na páxina 825, anexo V, primeira columna, punto 11, onde di: «Os vapores poden provocar somnolencia e vertixe», debe dicir: «A inhalación dos vapores pode provocar somnolencia e vertixe».

Na páxina 825, parágrafo C do anexo V, segunda columna, a referencia ao «artigo 15 do presente regulamento», debe efectuarse ao seu artigo 13.

Na páxina 831, anexo VIII, primeira columna, epígrafe II, punto 3, onde di: «...se están presentes nunha concentración individual 1 por cento en peso, para os preparados que non sexan gasosos, e 0,2 por cento en volume para os preparados gasosos:», debe dicir: «...se están presentes nunha concentración individual maior ou igual ó 1 por cento en peso para os preparados que non sexan gasosos e maior ou igual ó 0,2 por cento en volume para os preparados gasosos:».

MINISTERIO DE FACENDA

4163 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario. («BOE» 58, do 8-3-2004.)*

A Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, na súa disposición derradeira segunda, autoriza o Goberno para refundir no prazo máximo de 15 meses e nun só texto as disposicións vixentes reguladoras do catastro inmobiliario, comprendidas a súa regularización, aclaración e harmonización.

Tal e como apunta a propia exposición de motivos da lei citada, a historia do catastro en España discorre parella ao nacemento e evolución do Estado moderno, e os seus momentos de maior ou menor significación foron, xeralmente, un reflexo das situacións polas que atravesou a Facenda pública. De xeito paralelo, as normas que regulan o catastro foron sucedéndose no tempo

ata chegar, o 23 de marzo de 1906, á promulgación da lei que establece o catastro topográfico parcelario, norma máis antiga das que agora son obxecto de refundición e último texto autónomo deste rango que regulou a institución, cuxos principios reitores, dado que a orixe e principal uso do catastro no noso país é, sen dúbida ningunha, o tributario, permaneceron desde entón unidos ás leis reguladoras de diversas figuras tributarias.

Porén, xunto a esta finalidade tributaria, as dúas últimas décadas foron testemuñas dunha evolución na que o catastro inmobiliario se converteu nunha grande infraestrutura de información territorial dispoñible para todas as administracións públicas, fedatarios, empresas e cidadáns en xeral, posta ante todo ao servizo dos principios de xeneralidade e xustiza tributaria, pero capacitada tamén para facilitar a asignación equitativa dos recursos públicos; nos comezos dun novo século, é xa sen dúbida notable a colaboración do catastro na aplicación material de tales principios constitucionais, como o proba a súa utilización xeneralizada para a xestión ou o control de subvencións nacionais ou comunitarias, ou a paulatina incorporación da información gráfica e da identificación catastral dos predios tanto ás actuacións notariais como ao Rexistro da Propiedade.

Agora ben, a utilización múltiple da información catastral non desvirtúa a natureza tributaria da institución, senón que a preserva ao servir aquela como elemento de referencia para a xestión de diversas figuras tributarias dos tres niveis territoriais da Facenda pública e así o recoñeceu expresamente o Tribunal Constitucional na súa Sentenza 233/1999, do 16 de decembro, na que reflicte que a organización do catastro, xustamente por tratarse dunha institución común e indispensable para a xestión dalgún dos impostos estatais máis relevantes, é unha competencia que se vai integrar, sen lugar a dúbidas, na de Facenda xeral do artigo 149.1.14.^a da Constitución española, correspondendo, por tanto, de maneira exclusiva ao Estado. É nesta xustificación onde se apoia a adscrición legal do catastro ao Ministerio de Facenda e a súa atribución como competencia exclusiva do Estado e, por derivación disto, a competencia dos tribunais económico-administrativos do Estado para a revisión dos actos resultantes dos procedementos catastrais.

Os tres lustros transcorridos desde a publicación da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, última que, pola súa vez, disciplinaba tamén o catastro, ata a promulgación da Lei 48/2002, do 23 de decembro, que o regula de maneira exclusiva e específica, viron tamén medrar a importancia de coordinar e unificar todas as tarefas relacionadas coa elaboración e o mantemento actualizado da base de datos que constitúe o seu principal activo. Neste contexto, foron numerosas as disposicións de diverso rango que modificaron ou completaron a normativa inicialmente contida na primeira das leis citadas. A Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e a Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, incorporaron, no substancial, o contido das modificacións introducidas pola Lei 53/1997, do 27 de novembro, pola que se modifica parcialmente a propia Lei 39/1988, do 28 de decembro, e se establece unha redución na base imponible do imposto sobre bens inmobles, e polas leis 42/1994, do 30 de decembro, 55/1999, do 29 de decembro, e 14/2000, do 29 de decembro, todas de medidas fiscais, administrativas e da orde social, así como parte do contido das leis 13/1996, do 30 de decembro, e 50/1998, do 30 de decembro, ambas tamén de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

En exercicio da autorización concedida, refúndense agora as disposicións vixentes reguladoras do catastro inmobiliario e, especialmente, a normativa sobre a materia contida na Lei 48/2002, do 23 de decembro, así como na Lei do 23 de marzo de 1906, que establece o catastro topográfico parcelario; a Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía; a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais; a Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e a Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

II

Parte substancial do texto refundido constitúeo, por tanto, como é lóxico, o contido da Lei 48/2002, do 23 de decembro, cuxos preceptos, co necesario grao de desenvolvemento e sistematización, configuran parte do título preliminar, así como a case totalidade dos títulos I, II e VIII e boa parte do título IV. A Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, recollera, en termos xerais, o núcleo da normativa anterior, procurando, por unha parte, sistematizala e enriquecela á luz da experiencia adquirida e, por outra, acomodala ao marco básico e común que regula os procedementos administrativos. A dita lei tivo especialmente en conta, ademais, e sen prexuízo da competencia estatal, as aspiracións dos concellos para desempeñaren un maior protagonismo na xestión do catastro, estendendo o ámbito da colaboración municipal a novos aspectos que deben redundar en melloras substanciais tanto para ambas as esferas da Administración como para os cidadáns.

O texto refundido recibe así da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, ante todo, unha definición obxectiva do catastro como o que realmente é, un rexistro administrativo posto ao servizo dos principios constitucionais xa citados e, por tanto, do conxunto das administracións públicas, fedatarios e cidadáns, todo isto sen prexuízo da competencia e funcións atribuídas ao Rexistro da Propiedade, único que ten efectos de fe pública respecto da titularidade e dereitos reais sobre bens inmobles. Non debe pasar desapercibido, por outra parte, o esforzo realizado para configurar de maneira precisa os conceptos catastrais de ben inmovible e de titular, ambas pezas fundamentais da institución e, por consecuencia, do imposto sobre bens inmobles, e por ofrecer, respecto de tal titular, unha regulación da súa posición ante a Administración que pode cualificarse de autenticamente estatutaria. O texto refundido mantén, así mesmo, a innovadora regulación dos procedementos de incorporación dos bens inmobles ao catastro inmobiliario, erixida en pedra angular da nova normativa, con eficacia inmediata, en particular, no sistema tributario local. Estes procedementos caracterízanse tanto pola súa adecuación á normativa xeral contida nas leis xeral tributaria e de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, como polo establecemento de modalidades simplificadas ou abreviadas, en boa medida baseadas na colaboración municipal, co obxectivo claro de facilitarlles aos interesados o cumprimento das súas obrigas. Mostra diso son os denominados procedementos de incorporación mediante comunicacións establecidos pola Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, que ampliou a liña emprendida pola Lei 13/1996, do 30 de decembro, que posibilitaba a actualización das titularidades catastrais mediante a cooperación das notarías e dos rexistros da propiedade, e que no texto refundido reciben un completo tratamento. Do mesmo xeito, permítese rectificar de oficio, en determinados supostos, a información catastral, prestándose igualmente a neces-

saria atención a cuestións como a efectividade dos diversos actos de xestión catastral e o seu réxime de notificación.

Achega tamén notable da Lei 48/2002, do 23 de decembro, é a precisa e sistemática regulación do valor catastral, concepto sobre o que na anterior normativa recaía o principal acento e que agora, aínda mantendo a súa singular importancia, pasa a integrarse no máis amplo da descrición catastral. Mantendo no esencial os aspectos máis arraigados, as innovacións da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, dirixíronse, tamén aquí, a sistematizar e simplificar os distintos mecanismos necesarios para a determinación dos valores e a reforzar o principio de legalidade e consagrar o de moderación na súa configuración. Outros aspectos que foron obxecto de atención e regulación na lei refundida son a referencia catastral, a actualización de valores por grupos de municipios atendendo á súa homoxeneidade inmobiliaria, o deber de colaboración e o réxime sancionador.

III

En cumprimento do mandato legal, o texto refundido recolle tamén especificamente a normativa sobre a materia catastral contida na Lei do 23 de marzo de 1906, que establece o catastro topográfico parcelario. Desta norma incorporáronse conceptos tradicionais en materia de cartografía catastral, e procurouse, a pesar da antigüidade da lei, respectar no posible a súa terminoloxía para dar virtualidade ao labor refundidor, introducindo as adaptacións mínimas necesarias para evitar discordancias coa terminoloxía actual.

As normas catastrais contidas na Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, configuran a práctica totalidade dos títulos V e VII, dedicados, respectivamente, á constancia documental da referencia catastral e á regulación das taxas catastrais. A refundición permitiu dotar esta regulación da substantividade que require e mellorar a articulación do seu contido mantendo, respecto da constancia documental da referencia catastral, os principios e obxectivos que informaron a regulación contida na Lei 13/1996, do 30 de decembro: favorecer o cumprimento das obrigas fiscais e evitar a fraude fiscal no sector inmobiliario. Parte substancial do título VI, que regula o acceso á información catastral, procede da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Os restantes aspectos destas normas incorporáronse a outros varios artigos da refundición. Polo que se refire á Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, ao baleirarse case por completo o seu contido catastral na Lei 48/2002, do 23 de decembro, tan só quedou para ser refundido o contido do punto 1 da súa disposición transitoria segunda, no relativo á determinación do valor dos bens inmobles rústicos.

Outras normas, finalmente, que nutriron o texto refundido, ben nun labor de refundición directo, ben en uso da facultade de regularizar, aclarar e harmonizar, foron as leis do 6 de agosto de 1932 e do 26 de setembro de 1941; a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; a Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía; a Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes; e a Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de marzo de 2004,

DISPÕÑO :

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.*

Apróbase o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario que se insire a continuación.

Disposición derradeira única. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas todas as disposicións de igual ou de inferior rango que se opoñan a esta lei e, en particular, as seguintes:

a) A Lei do 23 de marzo de 1906, que establece o catastro topográfico parcelario.

b) O artigo 15 da Lei do 26 de setembro de 1941, pola que se ditan normas para a ordenación da contribución.

c) O punto 1 da disposición transitoria segunda da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en canto afecta a determinación do valor catastral dos bens inmobles rústicos.

d) O artigo 33; o artigo 50; o artigo 51; o artigo 52; o artigo 53, puntos 1, 3, 4 e 11; o artigo 54; o artigo 55; o artigo 56, e a disposición transitoria oitava da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

e) A disposición derradeira terceira da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

f) A disposición adicional segunda da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

g) O artigo 31, a disposición adicional segunda, a disposición adicional terceira e a disposición transitoria décimo sétima da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

h) A Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

i) A disposición adicional cuarta e a disposición derradeira primeira da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO CATASTRO INMOBILIARIO

Índice

Título preliminar. Disposicións xerais.

Artigo 1. Definición, natureza e ámbito de aplicación.

Artigo 2. Principios informadores do catastro inmobiliario.

Artigo 3. Contido.

Artigo 4. Competencias.

Artigo 5. Órganos colexiados.

Título I. Da regulación do catastro inmobiliario.

Capítulo I. Bens inmobles para efectos catastrais.

Artigo 6. Concepto e clases de ben inmovible.

Artigo 7. Bens inmobles urbanos e rústicos.

Artigo 8. Bens inmobles de características especiais.

Capítulo II. Titular catastral.

Artigo 9. Titulares catastrais.

Artigo 10. Dereitos e deberes.

Título II. Da formación e mantemento do catastro inmobiliario.

Capítulo I. Procedementos de incorporación e réxime xurídico.

Artigo 11. Obrigatoriedade da incorporación e tipos de procedementos.

Artigo 12. Réxime xurídico.

Capítulo II. Declaracións, comunicacións e solicitudes.

Artigo 13. Procedemento de incorporación mediante declaracións.

Artigo 14. Procedemento de incorporación mediante comunicacións.

Artigo 15. Procedemento de incorporación mediante solicitude.

Artigo 16. Regras comúns ás declaracións e comunicacións.

Artigo 17. Eficacia e notificación dos actos ditados nos procedementos de incorporación mediante declaración, comunicación ou solicitude.

Capítulo III. Resolución de discrepancias.

Artigo 18. Procedementos de resolución de discrepancias.

Capítulo IV. Inspección catastral.

Artigo 19. Natureza e clases de actuacións inspectoras.

Artigo 20. Documentación e eficacia das actuacións inspectoras.

Artigo 21. Plans de inspección.

Capítulo V. Valoración.

Sección 1.^a O valor catastral e a súa determinación.

Artigo 22. Valor catastral.

Artigo 23. Criterios e límites do valor catastral.

Artigo 24. Determinación do valor catastral.

Sección 2.^a Cadros de valores.

Artigo 25. Contido dos cadros de valores.

Artigo 26. Clases de cadros de valores.

Artigo 27. Elaboración, aprobación e impugnación dos cadros de valores.

Sección 3.^a Procedementos de valoración catastral.

Artigo 28. Valoración catastral de bens inmobles urbanos e rústicos.

Artigo 29. Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral e parcial.

Artigo 30. Procedemento simplificado de valoración colectiva.

Artigo 31. Procedemento de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais.

Artigo 32. Actualización de valores catastrais.

Título III. Da cartografía catastral.

Artigo 33. Concepto.

Artigo 34. Contido da cartografía catastral.

Artigo 35. Carácter temático da cartografía catastral.

Título IV. Da colaboración e intercambio de información.

Artigo 36. Deber de colaboración.

Artigo 37. Subministración de información a outras administracións tributarias.

Título V. Da constancia documental da referencia catastral.

Artigo 38. Constancia documental e rexistral da referencia catastral.

Artigo 39. Excepcións.

Artigo 40. Suxeitos obrigados.

Artigo 41. Documentos acreditativos da referencia catastral.

Artigo 42. Prazo de achega.

Artigo 43. Advertencia de incumprimento.

Artigo 44. Efectos do incumprimento da obriga de chegar a referencia catastral.

Artigo 45. Correspondencia da referencia catastral coa identidade do predio.

Artigo 46. Constancia da referencia catastral en documentos administrativos.

Artigo 47. Constancia da referencia catastral en documentos notariais.

Artigo 48. Constancia rexistral da referencia catastral.

Artigo 49. Constatación da referencia catastral.

Título VI. Do acceso á información catastral.

Artigo 50. Normativa aplicable.

Artigo 51. Datos protexidos.

Artigo 52. Condicións xerais do acceso.

Artigo 53. Acceso á información catastral protexida.

Artigo 54. Recurso dealzada.

Título VII. Das taxas catastrais.

Capítulo I. Taxa por inscrición catastral.

Artigo 55. Obxecto e natureza.

Artigo 56. Feito imponible.

Artigo 57. Suxeitos pasivos.

Artigo 58. Exención.

Artigo 59. Devengo.

Artigo 60. Elementos cuantitativos.

Capítulo II. Taxa de acreditación catastral.

Artigo 61. Obxecto e natureza.

Artigo 62. Feito imponible.

Artigo 63. Suxeitos pasivos.

Artigo 64. Exención.

Artigo 65. Devengo.

Artigo 66. Elementos cuantitativos.

Capítulo III. Liquidación, xestión e pagamento das taxas catastrais.

Artigo 67. Liquidación.

Artigo 68. Xestión.

Artigo 69. Pagamento.

Título VIII. Das infraccións e sancións.

Artigo 70. Infraccións.

Artigo 71. Réxime sancionador.

Disposición adicional única. Renovación do catastro rústico.

Disposición transitoria primeira. Clasificación de bens inmobles e contido das descrições catastrais.

Disposición transitoria segunda. Valoración catastral de bens inmobles rústicos.

Disposición transitoria terceira. Constancia documental e rexistral da referencia catastral de bens inmobles rústicos.

Disposición transitoria cuarta. Normativa preexistente.

Disposición transitoria quinta. Procedementos en tramitación.

Disposición transitoria sexta. Referencias á Lei xeral tributaria.

Disposición derogatoria primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento da lei.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Definición, natureza e ámbito de aplicación.*

1. O catastro inmobiliario é un rexistro administrativo dependente do Ministerio de Facenda no cal se describen os bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais tal e como se definen nesta lei.

2. Esta lei será de aplicación en todo o territorio nacional, sen prexuízo do previsto nos réximes forais especiais vixentes no País Vasco e Navarra.

Artigo 2. *Principios informadores do catastro inmobiliario.*

1. A información catastral estará ao servizo dos principios de xeneralidade e xustiza tributaria e de asignación equitativa dos recursos públicos, fin para o cal o catastro inmobiliario colaborará coas administracións públicas, os xulgados e tribunais e o Rexistro da Propiedade para o exercicio das súas respectivas funcións e competencias. Así mesmo, estará á disposición das políticas públicas e dos cidadáns que requiran información sobre o territorio, nos termos previstos no título VI.

2. O disposto nesta lei entenderase sen prexuízo das competencias e funcións do Rexistro da Propiedade e dos efectos xurídicos substantivos derivados da inscrición dos inmobles no dito rexistro.

Artigo 3. *Contido.*

A descrición catastral dos bens inmobles comprenderá as súas características físicas, económicas e xurídicas, entre as que se encontrarán a localización e a referencia catastral, a superficie, o uso ou destino, a clase de cultivo ou aproveitamento, a calidade das construcións, a representación gráfica, o valor catastral e o titular catastral. Só para efectos catastrais, salvo proba en contrario, e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no catastro inmobiliario presúmense certos.

Artigo 4. *Competencias.*

A formación e o mantemento do catastro inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. Estas funcións, que comprenden, entre outras, a valoración, a inspección e a elaboración e xestión da cartografía catastral, serán exercidas pola Dirección Xeral do Catastro, directamente ou a través das distintas fórmulas de colaboración que se establezan coas diferentes administracións, entidades e corporacións públicas.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a superior función de coordinación de valores e a de aprobación dos cadros de valores serán exercidas en todo caso pola Dirección Xeral do Catastro.

Artigo 5. *Órganos colexiados.*

1. A Comisión Técnica de Cooperación Catastral é un órgano colexiado de natureza administrativa depen-

dente da Dirección Xeral do Catastro que, presidido polo director xeral do catastro ou funcionario en quen delegue, está integrado por seis representantes do citado centro directivo e outros seis da asociación de entidades locais de ámbito nacional con maior implantación. As súas funcións son o estudo e asesoramento en materia catastral e a cooperación no desenvolvemento das fórmulas de colaboración na xestión catastral e na xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles que se establezan. O seu réxime de funcionamento será o previsto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. En cada municipio existirá unha xunta pericial que poderá intervir, como órgano de asesoramento, apoio e colaboración, na tramitación dos procedementos catastrais que afecten bens inmobles rústicos. A composición e funcións das xuntas periciais regularanse regulamentariamente.

TÍTULO I

Da regulación do catastro inmobiliario

CAPÍTULO I

Bens inmobles para efectos catastrais

Artigo 6. *Concepto e clases de ben inmoble.*

1. Só para os efectos catastrais, ten a consideración de ben inmoble a parcela ou porción de solo dunha mesma natureza, enclavada nun termo municipal e cerrada por unha liña poligonal que delimita, para tales efectos, o ámbito espacial do dereito de propiedade dun propietario ou de varios pro indiviso e, se é o caso, as construcións situadas no dito ámbito, calquera que sexa o seu dono, e con independencia doutros dereitos que recaian sobre o inmoble.

2. Terán tamén a consideración de bens inmobles:

a) Os diferentes elementos privativos dos edificios que sexan susceptibles de aproveitamento independente, sometidos ao réxime especial de propiedade horizontal, así como o conxunto constituído por diferentes elementos privativos mutuamente vinculados e adquiridos en unidade de acto e, nas condicións que regulamentariamente se determinen, os rochos e as prazas de estacionamento en pro indiviso adscritos ao uso e aproveitamento exclusivo e permanente dun titular. A atribución dos elementos comúns aos respectivos inmobles, para os únicos efectos da súa valoración catastral, realizarase na forma que se determine regulamentariamente.

b) O ámbito espacial dunha concesión administrativa sobre os bens inmobles ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.

c) Os comprendidos no artigo 8 desta lei.

3. A cada ben inmoble asignaráselle como identificador unha referencia catastral, constituída por un código alfanumérico que permite situalo inequivocamente na cartografía oficial do catastro.

4. Os bens inmobles clasifícanse catastralmente en urbanos, rústicos e de características especiais.

Artigo 7. *Bens inmobles urbanos e rústicos.*

1. O carácter urbano ou rústico do inmoble dependerá da natureza do seu solo.

2. Enténdese por solo de natureza urbana o clasificado polo planeamento urbanístico como urbano; os terreos que teñan a consideración de urbanizables segun-

do o planeamento e estean incluídos en sectores, así como o resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenvolva, e o que reúna as características contidas no artigo 8 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións. Terán a mesma consideración aqueles solos en que poidan exercerse facultades urbanísticas equivalentes aos anteriores segundo a lexislación autonómica.

Exceptúase da consideración de solo de natureza urbana o que integre os bens inmobles de características especiais.

3. Enténdese por solo de natureza rústica aquel que non sexa de natureza urbana conforme o disposto no punto anterior, nin estea integrado nun ben inmoble de características especiais.

4. Para efectos catastrais, terán a consideración de construcións:

a) Os edificios, calquera que sexan os materiais de que estean construídos e o uso a que se destinen, sempre que se encontren unidos permanentemente ao solo e con independencia de que se alcen sobre a súa superficie ou se atopen enclavados no subsolo e de que poidan ser transportados ou desmontados.

b) As instalacións industriais, comerciais, deportivas, de recreo, agrícolas, gandeiras, forestais e piscícolas de auga doce, considerándose como tales, entre outras, os diques, tanques, cargadoiros, peiraos, pantaláns e invernadoiros, e excluíndose en todo caso a maquinaria e os utensilios.

c) As obras de urbanización e de mellora, tales como as explanacións, e as que se realicen para o uso dos espazos descubertos, como son os recintos destinados a mercados, os depósitos ao aire libre, os campos para a práctica do deporte, os estacionamentos e os espazos anexos ou accesorios aos edificios e instalacións.

Non terán a consideración de construcións aquelas obras de urbanización ou mellora que regulamentariamente se determinen, sen prexuízo de que o seu valor deba incorporarse ao do ben inmoble como parte inherente ao valor do solo, nin os alpendres ou pendellos de pequena entidade.

Artigo 8. *Bens inmobles de características especiais.*

1. Os bens inmobles de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificios, instalacións e obras de urbanización e mellora que, polo seu carácter unitario e por estar ligado de forma definitiva para o seu funcionamento, se configura para efectos catastrais como un único ben inmoble.

2. Considéranse bens inmobles de características especiais os comprendidos, conforme o punto anterior, nos seguintes grupos:

a) Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e á refinación de petróleo, e as centrais nucleares.

b) As presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente á rega.

c) As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.

d) Os aeroportos e portos comerciais.

CAPÍTULO II

Titular catastral

Artigo 9. *Titulares catastrais.*

1. Son titulares catastrais as persoas naturais e xurídicas dadas de alta no catastro inmobiliario por posuíren,

sobre un ben inmueble, a titularidade dalgún dos seguintes dereitos:

- a) Concesión administrativa sobre o ben inmueble ou sobre os servizos públicos a que se atope afecto.
- b) Dereito real de superficie.
- c) Dereito real de usufruto.
- d) Dereito de propiedade.

A constancia no catastro inmobiliario da titularidade catastral conforme un dos supostos definidos no parágrafo anterior, pola orde nel establecida, excluírá a aplicación dos restantes.

2. Cando o dereito de propiedade concorra con algún dos demais dereitos mencionados no punto anterior, incorporárase tamén como titular o propietario que o solicite conforme o previsto no artigo 15.

3. Cando un ben inmueble ou un dos dereitos a que se refire o punto 1 pertenza pro indiviso a unha pluralidade de persoas, a titularidade catastral atribuírase á comunidade constituída por todas elas, que se fará constar baixo a denominación que resulte da súa identificación fiscal. No suposto de incumprimento da obriga de achegar o número de identificación fiscal, e sen prexuízo das sancións que poidan proceder, a titularidade asignarase a calquera dos comuneiros, membros ou partícipes da comunidade ou entidade sen personalidade de que se trate.

A identidade e cota de participación de cada un dos comuneiros, membros ou partícipes das mencionadas entidades farase constar no catastro inmobiliario cando así se solicite expresamente mediante acordo unánime daqueles. Así mesmo, os cónxuxes en réxime de sociedade de gananciais, ou en calquera outro réxime económico matrimonial que implique unha titularidade conxunta sobre os bens, poderán solicitar que conste no catastro inmobiliario a identidade de cada un deles.

4. En caso de discrepancia entre o titular catastral e o do correspondente dereito segundo o Rexistro da Propiedade sobre predios respecto dos cales conste a referencia catastral no dito rexistro, terase en conta, para os efectos do catastro, a titularidade que resulte daquel, salvo que a data do documento polo que se produce a incorporación ao catastro sexa posterior á do título inscrito no Rexistro da Propiedade.

Artigo 10. *Dereitos e deberes.*

1. Nas súas relacións co catastro inmobiliario, os titulares catastrais posúen os dereitos recoñecidos no artigo 34 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, coas especialidades previstas nesta lei.

2. Os titulares catastrais teñen o deber de colaborar co catastro inmobiliario, subministrándolle cantos datos, informes ou antecedentes resulten precisos para a súa xestión, ben sexa con carácter xeral, ben por requirimento dos órganos competentes daquel conforme o regulamentariamente establecido. A presunción establecida no artigo 3 non aproveitará ao titular catastral que incumpra a dita obriga.

TÍTULO II

Da formación e mantemento do catastro inmobiliario

CAPÍTULO I

Procedementos de incorporación e réxime xurídico

Artigo 11. *Obrigatoriedade da incorporación e tipos de procedementos.*

1. A incorporación dos bens inmuebles no catastro inmobiliario, así como das alteracións das súas carac-

terísticas, que levará consigo, se é o caso, a asignación de valor catastral, é obrigatoria e poderá estenderse á modificación de cantos datos sexan necesarios para que a descrición catastral dos inmuebles afectados concorde coa realidade.

2. A dita incorporación realizarase mediante algún dos seguintes procedementos:

- a) Declaracións, comunicacións e solicitudes.
- b) Resolución de discrepancias.
- c) Inspección catastral.
- d) Valoración.

Artigo 12. *Réxime xurídico.*

1. Os procedementos a que se refire o artigo anterior terán natureza tributaria e rexeranse polo disposto nesta lei, sendo de aplicación supletoria as disposicións da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como as súas disposicións de desenvolvemento.

2. Para efectos catastrais, non será de aplicación o establecido nos artigos 54 e 55 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, no artigo 33 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, e nas demais normas concordantes, ás escrituras e documentos que conteñan feitos, actos ou negocios susceptibles de inscrición no catastro inmobiliario.

3. Os actos resultantes dos procedementos de incorporación serán motivados con referencia aos feitos e fundamentos de dereito. Cando o acto inclúa a determinación dun novo valor catastral, este motivarase mediante a expresión do cadro de que traía causa e, se é o caso, dos módulos básicos de solo e construción, o valor en polígono, rúa, tramo, zona ou paraxe, o valor tipo das construcións e das clases de cultivo, a identificación dos coeficientes correctores aplicados e a superficie dos inmuebles.

4. Os actos citados no punto anterior son susceptibles de seren revisados nos termos establecidos no título V da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen que a interposición da reclamación económico-administrativa suspenda a súa executoriedade, salvo que excepcionalmente sexa acordada a suspensión polo tribunal económico-administrativo competente, cando así o solicite o interesado e xustifique que a súa execución podería causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, ordenando, se é o caso, a adopción das medidas cautelares que sexan necesarias para asegurar a protección do interese público e a eficacia da resolución impugnada.

5. Nos procedementos a que se refire o artigo anterior, as actuacións entenderanse co obrigado a realizar a declaración ou comunicación ou con quen formule a solicitude, segundo os casos.

6. Cando sobre un mesmo inmueble concorran varios titulares catastrais, as actuacións derivadas dos procedementos de incorporación entenderanse exclusivamente co titular a que se refire o punto 1 do artigo 9. Non obstante, sempre que a descrición catastral do inmueble puidese resultar afectada pola resolución que se adopte, comunicaráselle a tramitación do procedemento ao propietario do inmueble que figure inscrito de conformidade co disposto no punto 2 do citado artigo.

CAPÍTULO II

Declaracións, comunicacións e solicitudes**Artigo 13. Procedemento de incorporación mediante declaracións.**

1. Son declaracións os documentos polos que se manifesta ou recoñece ante o catastro inmobiliario que se produciron as circunstancias determinantes dunha alta, baixa ou modificación da descrición catastral dos inmobles. As declaracións realizaranse na forma, prazos, modelos e condicións que sexan determinados polo Ministerio de Facenda.

2. Os titulares dos dereitos a que se refire o punto 1 do artigo 9, cando deban darse de alta como titulares catastrais conforme o dito punto, están suxeitos á obriga de formalizaren as declaracións conducentes á incorporación no catastro inmobiliario dos inmobles e das súas alteracións, excepto nos supostos de comunicación ou de solicitude previstos neste capítulo. Así mesmo, están obrigados a colaborar co catastro inmobiliario subministrándolle tanta información resulte precisa para a súa xestión, ben sexa con carácter xeral, ben por requirimento dos órganos competentes daquel conforme o regulamentariamente establecido.

Artigo 14. Procedemento de incorporación mediante comunicacións.

Son comunicacións:

a) A información que os notarios e rexistradores da propiedade deben remitir conforme o disposto no artigo 36, en canto se refira a documentos por eles autorizados ou inscritos cuxo contido supoña exclusivamente a adquisición ou consolidación da propiedade da totalidade do inmovible, sempre que os interesados achegasen a referencia catastral nos termos a que se refire o título V e se formalice en escritura pública ou se solicite a súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo de dous meses desde o feito, acto ou negocio de que se trate.

b) As que formulen os concellos que, mediante ordenanza fiscal, se obriguen a pór en coñecemento do catastro inmobiliario os feitos, actos ou negocios susceptibles de xeraren unha alta, baixa ou modificación catastral, derivados de actuacións para as que se outorgase a correspondente licenza ou autorización municipal, nos termos e coas condicións que sexan determinadas pola Dirección Xeral do Catastro.

c) As que as administracións actuantes deben formalizar ante o catastro inmobiliario nos supostos de concentración parcelaria, de deslindamento administrativo, de expropiación forzosa e dos actos de planeamento e de xestión urbanísticos que se determinen regulamentariamente.

Artigo 15. Procedemento de incorporación mediante solicitude.

As solicitudes a que se refire o punto 2 do artigo 11, que se acompañarán da documentación acreditativa correspondente, son as seguintes:

a) Solicitude de baixa, que poderá formular quen, figurando como titular catastral, cesase no dereito que orixinou a dita titularidade.

b) Solicitude de incorporación de titularidade, que poderá formular o propietario a que se refire o punto 2 do artigo 9.

c) Solicitude de incorporación de cotitularidades, nos casos establecidos no punto 3 do artigo 9.

Artigo 16. Regras comúns ás declaracións e comunicacións.

1. As declaracións e comunicacións terán a presunción de certeza establecida no artigo 108.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo da facultade da Dirección Xeral do Catastro de requirirle ao interesado a documentación que en cada caso resulte pertinente.

2. Serán obxecto de declaración ou comunicación, segundo proceda, os seguintes feitos, actos ou negocios:

a) A realización de novas construcións e a ampliación, rehabilitación, reforma, demolición ou derruba das xa existentes, xa sexa parcial ou total. Non se considerarán tales as obras ou reparacións que teñan por obxecto a mera conservación e mantemento dos edificios, e as que afecten tan só características ornamentais ou decorativas.

b) A modificación de uso ou destino e os cambios de clase de cultivo ou aproveitamento.

c) A segregación, división, agregación e agrupación dos bens inmobles.

d) A adquisición da propiedade por calquera título, así como a súa consolidación.

e) A constitución, modificación ou adquisición da titularidade dunha concesión administrativa e dos dereitos reais de usufruto e de superficie.

f) As variacións na composición interna ou na cota de participación das comunidades ou entidades sen personalidade a que se refire o artigo 9.3, sempre que a respectiva entidade se acollese previamente ao disposto neste.

Artigo 17. Eficacia e notificación dos actos ditados nos procedementos de incorporación mediante declaración, comunicación ou solicitude.

Os actos ditados como consecuencia dos procedementos regulados neste capítulo notificaráselles aos interesados de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e terán efectividade o día seguinte a aquel en que se produciron os feitos, actos ou negocios que orixinaron a incorporación ou modificación catastral, con independencia do momento en que se notifiquen.

CAPÍTULO III

Resolución de discrepancias**Artigo 18. Procedementos de resolución de discrepancias.**

1. O procedemento de resolución de discrepancias iniciárase por acordo do órgano competente, xa sexa por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, cando a Administración teña coñecemento da falta de concordancia entre a descrición catastral dos bens inmobles e a realidade inmobiliaria, e a súa orixe non se deba ao incumprimento da obriga de declarar ou comunicar a que se refiren os artigos 13 e 14. A iniciación do procedemento comunicaráselles aos interesados, conforme o disposto no artigo 12.6, concedéndolles un prazo de 15 días para que formulen as alegacións que estimen convenientes. A resolución que se dite terá efectividade desde o día seguinte á data en que se acorde e notificaráselles aos interesados de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. O prazo máximo en que debe notificarse a resolución expresa será de seis meses desde a notificación do acordo de iniciación aos interesados. O vencemento do prazo máximo de resolución deter-

minará a caducidade do expediente e o arquivo de todas as actuacións.

2. Poderá rectificarse de oficio a información que consta no catastro en canto sexa necesario para reflectir cambios nos identificadores postais ou na cartografía, ou cando se leven a cabo outras operacións de carácter xeral, legalmente previstas, que teñan por finalidade manter a adecuada concordancia entre o catastro e a realidade inmobiliaria.

CAPÍTULO IV

Inspección catastral

Artigo 19. *Natureza e clases de actuacións inspectoras.*

1. As actuacións de inspección catastral terán natureza tributaria e rexeranse polo disposto nesta lei, sendo de aplicación supletoria a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como as súas disposicións de desenvolvemento.

As ditas actuacións poderán ser de comprobación e de investigación dos feitos, actos, negocios e demais circunstancias relativas aos bens inmobles susceptibles de orixinaren unha incorporación ou modificación no catastro inmobiliario, así como de obtención de información, de valoración e de informe e asesoramento.

2. As actuacións de comprobación e investigación terán por obxecto verificaren o adecuado cumprimento das obrigas e deberes establecidos na normativa catastral, para o cal a inspección comprobará a integridade, exactitude e veracidade das declaracións e comunicacións reguladas nesta lei e investigará a posible existencia de feitos, actos ou negocios que non fosen declarados ou comunicados ou que o fosen parcialmente.

Artigo 20. *Documentación e eficacia das actuacións inspectoras.*

1. As actuacións da inspección catastral documentaranse en dilixencias, comunicacións, actas e informes, cuxo contido e especialidades serán determinados por orde do ministro de Facenda.

2. A incorporación no catastro inmobiliario de bens inmobles ou a modificación da súa descrición por virtude de actuacións inspectoras producirán efectos desde o día seguinte a aquel en que se produciu o feito, acto ou negocio a que se refiren as ditas actuacións, sen prexuízo da posibilidade de iniciar, se é o caso, o correspondente procedemento sancionador dentro do prazo dos tres meses seguintes á data en que se notificase ou se entendese notificado o correspondente acto de alteración catastral.

A dita notificación producirase de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 21. *Plans de inspección.*

1. A actuación investigadora desenvolverase conforme os plans de inspección aprobados pola Dirección Xeral do Catastro.

2. A Dirección Xeral do Catastro poderá levar a cabo actuacións de inspección conxuntas cos concellos e entidades que exerzan a xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles, por petición daqueles, nos termos que regulamentariamente se determinen.

As ditas actuacións concretaranse nos plans de inspección a que se refire o punto anterior e estenderanse á investigación dos feitos, actos ou negocios non declarados ou declarados de forma parcial ou inexacta, quedando excluídos aqueles que deban ser obxecto de comunicación.

CAPÍTULO V

Valoración

SECCIÓN 1.^a O VALOR CATASTRAL E A SÚA DETERMINACIÓN

Artigo 22. *Valor catastral.*

O valor catastral é o determinado obxectivamente para cada ben inmueble a partir dos datos que constan no catastro inmobiliario e estará integrado polo valor catastral do solo e o valor catastral das construcións.

Artigo 23. *Criterios e límites do valor catastral.*

1. Para a determinación do valor catastral teranse en conta os seguintes criterios:

a) A localización do inmueble, as circunstancias urbanísticas que afecten o solo e a súa aptitude para a produción.

b) O custo de execución material das construcións, os beneficios da contrata, honorarios profesionais e tributos que gravan a construción, o uso, a calidade e a antigüidade edificatoria, así como o carácter histórico-artístico ou outras condicións das edificacións.

c) Os gastos de produción e beneficios da actividade empresarial de promoción, ou os factores que correspondan nos supostos de inexistencia da citada promoción.

d) As circunstancias e valores do mercado.

e) Calquera outro factor relevante que regulamentariamente se determine.

2. O valor catastral dos inmobles non poderá superar o valor de mercado, entendendo por tal o prezo máis probable polo cal podería venderse, entre partes independentes, un inmueble libre de cargas; para este efecto fixarase, mediante orde do ministro de Facenda, un coeficiente de referencia ao mercado para os bens dunha mesma clase.

Nos bens inmobles con prezo de venda limitado administrativamente, o valor catastral non poderá en ningún caso superar o dito prezo.

3. Regulamentariamente, estableceranse as normas técnicas comprensivas dos conceptos, regras e restantes factores que, de acordo cos criterios anteriormente expostos e en función das características intrínsecas e extrínsecas que afecten os bens inmobles, permitan determinar o seu valor catastral.

Artigo 24. *Determinación do valor catastral.*

1. A determinación do valor catastral, salvo nos supostos a que se refire o punto 2.c) do artigo 30, efectuarase mediante a aplicación do correspondente cadro de valores.

2. Toda incorporación ou modificación no catastro inmobiliario practicada en virtude dos procedementos previstos nos capítulos II, III e IV deste título incluirá, cando sexa necesario, a determinación individualizada do valor catastral do inmueble afectado de acordo coas súas novas características. O dito valor catastral determinarase mediante a aplicación do cadro de valores vixente no municipio no primeiro exercicio de efectividade da incorporación ou modificación do catastro ou, se é o caso, mediante a aplicación dos módulos establecidos para o exercicio citado para a tramitación do procedemento de valoración colectiva simplificada.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da aplicación de posteriores cadros de valores ou módulos que afecten o inmueble e dos coeficientes de actualización establecidos polas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado.

SECCIÓN 2.^a CADROS DE VALORESArtigo 25. *Contido dos cadros de valores.*

1. O cadro de valores recollerá, segundo os casos e conforme o que se estableza regulamentariamente, os criterios, módulos de valoración, planeamento urbanístico e demais elementos precisos para levar a cabo a determinación do valor catastral, e axustarase ás directrices dadas para a coordinación de valores.

2. Os cadros de valores poderán conter, nos termos que regulamentariamente se establezan, os elementos e criterios necesarios para a valoración dos bens inmobles que, por modificación de planeamento, adquiren a clase a que se refire o dito cadro con posterioridade á súa aprobación; para este efecto establecerán as bandas de valores que, en función de tipoloxías, usos, aproveitamentos urbanísticos e graos de desenvolvemento do planeamento e convenientemente coordinados cos do resto do municipio, poidan asignarse aos bens inmobles afectados.

Artigo 26. *Clases de cadros de valores.*

1. Os cadros de valores serán de ámbito municipal, salvo cando circunstancias de carácter territorial, económico, administrativo ou doutra índole xustifiquen unha extensión maior.

2. Dentro do seu ámbito territorial, os cadros de valores poderán ser:

a) Totais, cando se estendan á totalidade dos bens inmobles dunha mesma clase.

b) Parciais, cando se circunscriban aos inmobles dunha mesma clase dalgunha ou varias zonas, polígonos discontinuos ou predios.

c) Especiais, cando afecten exclusivamente un ou varios grupos de bens inmobles de características especiais.

Artigo 27. *Elaboración, aprobación e impugnación dos cadros de valores.*

1. A elaboración dos cadros de valores será levada a cabo pola Dirección Xeral do Catastro, directamente ou a través dos convenios de colaboración que se celebren con calquera Administración pública nos termos que regulamentariamente se estableza.

2. Previamente á súa aprobación, os cadros de valores totais e parciais someteranse a informe do concello ou concellos interesados, no prazo e cos efectos sinalados no artigo 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os acordos de aprobación dos cadros de valores totais ou parciais publicaranse por edicto no boletín oficial da provincia. Cando se trate de cadros de valores especiais, o edicto inserirase no «Boletín Oficial del Estado» ou no da provincia, segundo que o seu ámbito territorial exceda ou non do provincial.

A publicación dos ditos acordos, que indicará en todo caso o lugar e prazo de exposición ao público dos cadros a que se refiran, realizarase antes do un de xullo do ano en que se adopten, en caso de cadros de valores totais, e antes do un de outubro, en caso de cadros de valores parciais e especiais.

4. Os cadros de valores serán impugnables en vía económico-administrativa, sen que a interposición da reclamación suspenda a executoriedade do acto.

SECCIÓN 3.^a PROCEDIMENTOS DE VALORACIÓN CATASTRALArtigo 28. *Valoración catastral de bens inmobles urbanos e rústicos.*

1. O valor catastral dos bens inmobles urbanos e rústicos determinarase mediante o procedemento de valoración colectiva ou de forma individualizada nos termos establecidos no artigo 24.2.

2. O procedemento de valoración colectiva de bens inmobles dunha mesma clase poderá iniciarse de oficio ou por instancia do concello correspondente cando, respecto dunha pluralidade de bens inmobles, se poñan de manifesto diferenzas substanciais entre os valores de mercado e os que serviron de base para a determinación dos valores catastrais vixentes, xa sexa como consecuencia dunha modificación no planeamento urbanístico ou doutras circunstancias.

3. O procedemento de valoración colectiva poderá ser:

a) De carácter xeral, cando requira a aprobación dun cadro de valores total. Este procedemento, no cal se observarán as directrices que se establezan para garantir a coordinación nacional de valores, só poderá iniciarse unha vez transcorridos, polo menos, cinco anos desde a entrada en vigor dos valores catastrais derivados do anterior procedemento de valoración colectiva de carácter xeral e realizarse, en todo caso, a partir dos 10 anos desde a dita data.

b) De carácter parcial, cando requira a aprobación dun cadro de valores parcial. Neste procedemento garantirase a coordinación dos novos valores catastrais cos do resto dos inmobles do municipio.

c) De carácter simplificado, cando teña por obxecto determinar novos valores catastrais nos supostos considerados no artigo 30.

Artigo 29. *Procedementos de valoración colectiva de carácter xeral e parcial.*

1. Os procedementos de valoración colectiva de carácter xeral e parcial iniciaranse coa aprobación do correspondente cadro de valores.

Os valores catastrais resultantes destes procedementos notificaránselles individualmente aos titulares catastrais; para este efecto poderase solicitar a colaboración das corporacións locais ou doutras administracións e entidades públicas.

2. A notificación será practicada por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción, así como da data, a identidade de quen a recibe e o contido do acto notificado, incorporándose ao expediente a acreditación da notificación efectuada.

Cando non sexa posible realizar a notificación ao interesado ou ao seu representante por causas non imputables á Administración, e unha vez intentado por dúas veces, farase así constar no expediente con expresión das circunstancias dos intentos de notificación. Nestes casos, publicarase nos lugares destinados para o efecto no concello e na xerencia do catastro correspondente en atención ao termo municipal en que se sitúen os inmobles, para efectos da súa notificación por comparecencia, a relación dos titulares con notificacións pendentes nas cales constará o procedemento que as motiva, o órgano responsable da súa tramitación e o lugar e prazo en que o destinatario daquelas deberá comparecer para ser notificado. A dita publicación irá precedida de anuncio no «Boletín Oficial del Estado» ou no boletín da comunidade autónoma ou da provincia, segundo o ámbito territorial de competencia do órgano que ditou o acto, no cal se indicará lugar e prazo da súa exposición pública. En todo caso, a comparecencia deberase pro-

ducir no prazo de 10 días, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no boletín oficial. Cando, transcorrido o dito prazo, non se comparecese, a notificación entenderase producida para todos os efectos legais desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

O disposto en materia de notificacións pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será de aplicación supletoria á notificación de valores catastrais.

3. Os acordos adoptados terán efectividade o día 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se produza a súa notificación. Non obstante, para aqueles bens inmo- bles que con posterioridade á aprobación do cadro de valores vexan modificada a natureza do seu solo e os cadros de valores conteñan os elementos e criterios a que se refire o artigo 25.2, os acordos producirán efectos o día 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que tivesen lugar as circunstancias que orixinen a dita modificación, con independencia do momento en que se produza a notificación do acto.

4. Contra os actos obxecto de notificación poderase recorrer en vía económico-administrativa sen que a interposición da reclamación suspenda a súa executoriedade.

5. Con referencia exclusiva para os casos de noti- ficación de valores a que se refire este artigo, o prazo para a interposición do recurso de reposición ou recla- mación económico-administrativa será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación ou, se é o caso, ao da finalización do prazo a que se refire o parágrafo segundo do punto 2.

Artigo 30. *Procedemento simplificado de valoración colectiva.*

1. O procedemento simplificado iniciarase mediante acordo que se publicará por edicto no boletín oficial da provincia e non requirirá a elaboración dun novo cadro de valores.

2. Este procedemento rexerese polas seguintes regras:

a) Cando tiver por causa unha modificación de pla- neamento que varíe o aproveitamento urbanístico dos bens inmo- bles, mantendo os usos anteriormente fixados, e o valor recollido para eses usos no cadro en vigor reflecta o de mercado, determinaranse os novos valores catastrais dos predios afectados conforme os parámetros urbanísticos mencionados.

b) Cando tiver por causa unha modificación de pla- neamento que varíe o uso dos bens inmo- bles, os ditos bens valoraranse tomando como valor do solo o que corresponda á súa situación, que en todo caso deberá estar comprendido entre o máximo e o mínimo dos pre- vistos para o uso de que se trate no polígono de valo- ración en que se atopen enclavados tales bens segundo o cadro vixente.

c) Cando a modificación do planeamento determine cambios de natureza do solo por incluílo en ámbitos delimitados, mentres non se aprobe o planeamento de desenvolvemento que estableza a edificabilidade que se vaia materializar en cada unha das parcelas afectadas, os ditos bens poderán ser valorados mediante a apli- cación dos módulos específicos para os distintos usos que sexan establecidos por orde do ministro de Facenda.

3. Os actos ditados como consecuencia dos pro- cedementos regulados neste artigo notificaránselles aos interesados de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e terán efectividade o día 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que tivese lugar a modificación do planeamento de que traian causa, con independencia do momento en que se inicie o procedemento e se produza a notificación

da súa resolución. En todo caso, o prazo máximo en que debe notificarse a resolución expresa será de seis meses, contados desde a data de publicación do acordo de inicio. O incumprimento do prazo máximo de noti- ficación determinará a caducidade do procedemento res- pecto dos inmo- bles afectados polo incumprimento, sen que iso implique a caducidade do procedemento nin a ineficacia das actuacións respecto daqueles debida- mente notificados.

Artigo 31. *Procedemento de determinación do valor catastral dos bens inmo- bles de características espe- ciais.*

1. O procedemento de valoración dos bens inmo- bles de características especiais iniciarase coa aproba- ción do correspondente cadro especial.

2. A notificación, efectividade e impugnación dos valores catastrais resultantes deste procedemento rexe- ranse polo previsto no artigo 29.

Artigo 32. *Actualización de valores catastrais.*

1. As leis de orzamentos xerais do Estado poderán actualizar os valores catastrais por aplicación de coe- ficientes, que poderán ser diferentes para cada clase de inmo- bles.

2. Así mesmo, as leis de orzamentos xerais do Esta- do poderán fixar coeficientes de actualización por grupos de municipios, que se determinarán en función da súa dinámica inmobiliaria, de acordo coa clasificación deles que se estableza regulamentariamente. Estes coeficien- tes aplicaranse sobre os valores catastrais actualizados conforme o punto 1.

TÍTULO III

Da cartografía catastral

Artigo 33. *Concepto.*

1. A representación gráfica dos bens inmo- bles a que se refire o artigo 3 comprenderá en todo caso a súa descrición cartográfica no modo que neste título se establece.

2. A base xeométrica do catastro inmobiliario está constituída pola cartografía parcelaria elaborada pola Dirección Xeral do Catastro.

3. Será de aplicación á cartografía catastral o dis- posto na Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía, nas escalas e coas especialidades esta- blecidas regulamentariamente.

Artigo 34. *Contido da cartografía catastral.*

1. A cartografía catastral definirá, entre outras características que se consideren relevantes, a forma, dimensións e situación dos diferentes bens inmo- bles susceptibles de inscrición no catastro inmobiliario, calquera que sexa o uso ou actividade a que estean dedicados, constituíndo no seu conxunto o soporte gráfico deste.

2. En particular, a dita cartografía conterá:

a) Os polígonos catastrais, determinados polas liñas permanentes do terreo e os seus accidentes máis nota- bles, como ríos, canais, regatos, pantanos, fontes, lagoas, vías de comunicación, límite do termo municipal e clases de solo.

b) As parcelas ou porcións de solo que delimitan os bens inmo- bles, así como as construcións situadas nelas e, se é o caso, as subparcelas ou porcións dos seus distintos cultivos ou aproveitamentos.

Artigo 35. *Carácter temático da cartografía catastral.*

1. A cartografía catastral ten o carácter de temática, por canto incorpora a información adicional específica, e se obtén a partir da cartografía básica realizada de acordo cunha norma establecida pola Administración xeral do Estado mediante procesos directos de medición e observación da superficie terrestre. Para tal fin, nos traballos topográfico-catastrais utilizaranse as técnicas adecuadas para asegurar o enlace das redes topográficas catastrais coa rede xeodésica nacional.

A cartografía básica que elabore a Dirección Xeral do Catastro para a obtención da cartografía temática será obxecto de inscrición obrigatoria no Rexistro Central de Cartografía, a cal se practicará nos termos establecidos na Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía.

2. A cartografía catastral incluirá, como medios auxiliares, os seguintes elementos:

- a) Ortofotografías e fotografías aéreas.
- b) Os planos de cada termo municipal coas liñas dos seus límites.
- c) Os planos de planta dos edificios e das parcelas catastrais.
- d) Os polígonos de valoración a que se refire o artigo 30, así como calquera outro aspecto susceptible de representación gráfica que sexa necesario para a correcta instrución dos procedementos regulados no capítulo V do título II.

TÍTULO IV

Da colaboración e intercambio de información

Artigo 36. *Deber de colaboración.*

1. Toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, está suxeita ao deber de colaboración establecido no artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en relación cos datos, informes ou antecedentes que revistan transcendencia para a formación e mantemento do catastro inmobiliario.

2. As administracións e demais entidades públicas, os fedatarios públicos e os que, en xeral, exerzan funcións públicas estarán obrigados a lle subministraren ao catastro inmobiliario, nos termos previstos no artigo 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cantos datos ou antecedentes relevantes para a súa formación e mantemento sexan solicitados por este, ben mediante disposición de carácter xeral, ben a través de requirimentos concretos.

En particular, as entidades locais e demais administracións actuantes deberán subministrarlle á Dirección Xeral do Catastro, nos termos que regulamentariamente se determinen, aquela información que revista transcendencia para o catastro inmobiliario relativa á ordenación e á xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles, así como ao planeamento e xestión urbanística, concentracións parcelarias, deslindamentos administrativos e expropiación forzosa.

3. Os notarios e rexistradores da propiedade remitiranlle á xerencia ou subxerencia do catastro no ámbito da cal radique o inmovible, na forma que regulamentariamente se determine e dentro dos 20 primeiros días de cada mes, información relativa aos documentos por eles autorizados ou que xerasen unha inscrición rexistral no mes anterior, nos cales consten feitos, actos ou negocios susceptibles de inscrición no catastro inmobiliario. Na dita información consignarase de forma separada a identidade das persoas que incumprisen a obriga de achegar a referencia catastral establecida no artigo 40.

Por orde do ministro da Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Facenda e Xustiza, regularase o procedemento e forma de dar cumprimento á obriga establecida no parágrafo anterior.

4. A cesión ao catastro inmobiliario de datos de carácter persoal en virtude do disposto nos puntos anteriores non requirirá o consentimento do afectado.

Artigo 37. *Subministración de información a outras administracións tributarias.*

1. A Dirección Xeral do Catastro remitiralles, no prazo máis breve posible, á Administración tributaria estatal e á Administración autonómica do territorio en que radiquen os bens inmobles, copia da información subministrada polos notarios e os rexistradores da propiedade sobre persoas que incumprisen a obriga de achegar a referencia catastral establecida no artigo 40.

2. A Dirección Xeral do Catastro remitiralles ás administracións tributarias dos tres niveis territoriais, por petición destas, a información catastral necesaria para a xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos cuxa aplicación lles corresponde, nos termos que regulamentariamente se determinen.

TÍTULO V

Da constancia documental da referencia catastral

Artigo 38. *Constancia documental e rexistral da referencia catastral.*

A referencia catastral dos bens inmobles deberá figurar nos instrumentos públicos, mandamentos e resolucións xudiciais, expedientes e resolucións administrativas e nos documentos onde consten os feitos, actos ou negocios de transcendencia real relativos ao dominio e demais dereitos reais, contratos de arrendamento, proxectos técnicos ou calquera outro relativo aos bens inmobles. Así mesmo, farase constar no Rexistro da Propiedade, nos supostos legalmente previstos.

Artigo 39. *Excepcións.*

Non será preciso facer constar a referencia catastral:

- a) Nos documentos en que conste a cancelación de dereitos reais de garantía.
- b) Nos actos administrativos polos que se adopten ou cancelen medidas tendentes a asegurar o cobramento de débedas de dereito público.
- c) Nos procedementos que teñan por obxecto os aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento regulados na normativa recadatoria e nos procedementos de comprobación, investigación e liquidación tributaria, cando a dita referencia sexa xa coñecida pola Administración tributaria.
- d) Nas anotacións que deban practicarse no Rexistro da Propiedade en cumprimento e execución dunha resolución xudicial ou dunha resolución administrativa ditada en procedemento de constrinximento.

Artigo 40. *Suxeitos obrigados.*

1. Están obrigados a achegar a referencia catastral dos bens inmobles:

- a) Ante a autoridade xudicial ou administrativa competente para instruír ou resolver un procedemento que afecte os bens inmobles incluídos no ámbito de aplicación desta lei, os titulares de dereitos reais ou con transcendencia real sobre os citados bens inmobles.

b) Ante o notario, os requirentes ou outorgantes do documento notarial en que conste o feito, acto ou negocio constituído sobre o inmovible de que se trate. De non mediar a intervención de notario, as partes ou interesados consignarán eles mesmos a citada referencia nos documentos que outorguen ou expidan.

c) Ante o Rexistro da Propiedade, quen solicite do rexistrador a práctica dun asento rexistral relativo a bens inmovibles.

2. Nos casos de modificacións de predios será suficiente a achega da referencia catastral dos predios de orixe, xunto co plano ou proxecto, se for necesario para a operación de que se trate, que reflecta as modificacións realizadas.

3. Se foren varios os obrigados a achegaren a referencia catastral, cumprida a obriga por un, entenderase cumprida por todos os obrigados que puidesen concorrer con aquel.

Artigo 41. *Documentos acreditativos da referencia catastral.*

1. A referencia catastral dos inmovibles farase constar nos expedientes e resolucións administrativas, nos instrumentos públicos e no Rexistro da Propiedade polo que resulte do documento que o obrigado exhiba ou achegue, que deberá ser un dos seguintes, sempre que nel conste de forma indubitada a dita referencia:

a) Certificación catastral electrónica obtida polos procedementos telemáticos que se aproben por resolución da Dirección Xeral do Catastro.

b) Certificado ou outro documento expedido polo xerente ou subxerente do catastro.

c) Escritura pública ou información rexistral.

d) Último recibo xustificante do pagamento do imposto sobre bens inmovibles.

2. Cando a autoridade xudicial ou administrativa, ou os notarios ou rexistradores da propiedade obteñan directamente as certificacións catastrais a que se refire a alínea a) do punto 1, os outorgantes do documento público ou solicitantes da inscrición rexistral quedarán excluídos da obriga a que se refire o artigo anterior.

3. A competencia para expedir ou obter o certificado a que se refire a alínea b) do punto 1 poderá ser delegada en órganos da propia ou distinta Administración.

Artigo 42. *Prazo de achega.*

A referencia catastral dos bens inmovibles deberá achegarse ante a autoridade xudicial ou administrativa no prazo de 10 días contados desde aquel en que se practique o correspondente requirimento, ante o notario con anterioridade á autorización do documento e ante o rexistrador da propiedade durante o prazo de despacho deste.

Artigo 43. *Advertencia de incumprimento.*

1. O órgano competente para instruír o procedemento administrativo, o notario ou o rexistrador da propiedade deberá advertir os interesados, de forma expresa e escrita, nos casos en que incorran en incumprimento da obriga establecida neste título.

2. Así mesmo, nos casos en que non se cumpran os requisitos establecidos na alínea a) do artigo 14, os notarios e rexistradores da propiedade deberán advertir expresamente os interesados de que subsiste a obriga de declarar prevista no punto 2 do artigo 13.

Artigo 44. *Efectos do incumprimento da obriga de achegar a referencia catastral.*

1. A falta de achega da referencia catastral no prazo legalmente previsto farase constar no expediente ou resolución administrativa, no propio documento notarial ou en nota á marxe do asento e ao pé do título inscrito no Rexistro da Propiedade.

2. A falta de achega da referencia catastral:

a) Non suspenderá a tramitación do procedemento nin impedirá a súa resolución.

b) Non impedirá que os notarios autoricen o documento nin afectará a súa eficacia ou a do feito, acto ou negocio que conteña.

3. A non constancia da referencia catastral nos documentos inscricibles ou a súa falta de achega non impedirá a práctica dos asentos correspondentes no Rexistro da Propiedade, conforme a lexislación hipotecaria.

4. O disposto no punto 2 enténdese sen prexuízo do especialmente regulado para supostos concretos en que se exixa a achega de determinada documentación catastral como requisito para continuar o procedemento ou do legalmente establecido para o caso de que a resolución fose inscricible no Rexistro da Propiedade.

Artigo 45. *Correspondencia da referencia catastral coa identidade do predio.*

Para efectos do disposto neste título, entenderase que a referencia catastral se corresponde coa identidade do predio nos seguintes casos:

a) Sempre que os datos de situación, denominación e superficie, se constase esta última, coincidan cos do título e, se é o caso, cos do Rexistro da Propiedade.

b) Cando existan diferenzas de superficie que non sexan superiores ao 10 por cento e sempre que, ademais, non existan dúbidas fundadas sobre a identidade do predio derivadas doutros datos descritivos. Se houberse un cambio no nomenclátor e numeración de rúas, estas circunstancias deberán acreditarse, salvo que lle constasen ao órgano competente, notario ou rexistrador.

Artigo 46. *Constancia da referencia catastral en documentos administrativos.*

O órgano competente para instruír un procedemento administrativo que afecte os bens inmovibles incluídos no ámbito de aplicación desta lei requirirá os titulares de dereitos reais ou de transcendencia real sobre estes para que acheguen a documentación acreditativa da referencia catastral a que se refire o artigo 41, salvo que a poida obter por procedementos telemáticos. Na resolución que poña fin ao procedemento farase constar a referencia catastral, así como o xustificante, se é o caso, achegado, facendo constar se a referencia catastral se corresponde coa identidade do predio nos termos establecidos no artigo anterior.

Artigo 47. *Constancia da referencia catastral en documentos notariais.*

1. Os notarios deberán solicitar dos outorgantes ou requirentes dos instrumentos públicos a que se refire o artigo 38 que acheguen a documentación acreditativa da referencia catastral conforme o previsto no artigo 41, salvo que a poidan obter por procedementos telemáticos, e transcribirán no documento que autorice a dita referencia catastral, incorporando á matriz o documento achegado para o seu traslado nas copias.

2. Nos supostos a que se refire o artigo 40.2, o notario remitirá copia simple da escritura, xunto co plano ou proxecto, se llo presentase o interesado, ao catastro, para que este expida nova referencia catastral. O catastro notificaralles a nova referencia catastral, ademais de ao titular do predio afectado, ao notario autorizante do documento, para a súa constancia na matriz por dilixencia ou nota á marxe da descrición do predio.

Nestes casos o notario, por instancia dos interesados, transcribirá a nota ou dilixencia da matriz na copia xa expedida que se lle presente.

Artigo 48. *Constancia rexistral da referencia catastral.*

1. A constancia da referencia catastral nos asentos do Rexistro da Propiedade ten por obxecto, entre outros, posibilitar o transvasamento de información entre o Rexistro da Propiedade e o catastro inmobiliario.

2. O rexistrador, unha vez cualificada a documentación presentada, recollerá no asento, como un máis dos datos descritivos do predio, a referencia catastral que lle sexa atribuída polos outorgantes no documento inscristible, cando exista correspondencia entre a referencia catastral e a identidade do predio nos termos expresados no artigo 45.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, poderase reflectir rexistralmente a identificación catastral dos predios como operación específica, de acordo co legalmente previsto.

4. Se a referencia catastral inscrita sufrise algunha modificación que non derive dunha modificación das características físicas do predio, bastará para a súa constancia a certificación expedida para o efecto polo catastro.

5. As discrepancias na referencia catastral non afectarán a validez da inscrición.

Artigo 49. *Constatación da referencia catastral.*

1. Cando o órgano competente para instruír un procedemento administrativo, o notario ou o rexistrador da propiedade considere que a referencia catastral que resulte dos documentos achegados polo interesado, non obstante haber identidade nos termos expresados no artigo 45, poida non coincidir coa correspondente ao inmovible obxecto do feito, acto ou negocio xurídico documentado, comunicarllo ao catastro solicitando certificación ou documento informativo, que lle será remitido por calquera medio que permita a súa constancia, no prazo máis breve posible, e sempre dentro dos cinco días hábiles seguintes ao de recepción da solicitude.

2. Nos procedementos administrativos a dita certificación incorporárase ao expediente logo de audiencia dos interesados, aínda que este estivese xa resolto.

3. Non obstante o disposto no punto 1, nos documentos notariais, o notario, en caso de urxencia alegada polos outorgantes, poderá autorizar o documento facéndoo constar así, transcribindo nel a referencia catastral, citando o xustificante achegado e expresando a súa dúbida sobre a correspondencia da referencia catastral co inmovible. Autorizado o documento, o notario absterase de facer constar a referencia comunicada polo catastro sen que medie consentimento para isto dos outorgantes.

4. O rexistrador da propiedade, cando lle sexa remitido o certificado ou documento informativo, logo de cualificación favorable, fará constar a referencia no asento, ou se este xa se practicasa, por nota á marxe del, consignándoo, se é o caso, tamén por nota, ao pé do título.

TÍTULO VI

Do acceso á información catastral

Artigo 50. *Normativa aplicable.*

1. A difusión da información catastral a que se refiren os artigos 2 e 4 rexeráse polo disposto neste título.

2. A entrega e utilización de información catastral gráfica e alfanumérica estarán suxeitas á lexislación sobre a propiedade intelectual. Os dereitos de autor corresponderánlle, en todo caso, á Administración xeral do Estado.

De igual forma, a dita entrega e utilización estará suxeita á exacción das taxas que correspondan, de conformidade co establecido no título VII.

3. De conformidade co disposto nos artigos 4.3 e 37.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o acceso á información catastral poderá ser denegado de forma motivada pola Dirección Xeral do Catastro cando o seu exercicio poida causar un prexuízo grave aos seus intereses ou ao cumprimento das súas propias funcións ou afectar a eficacia do funcionamento do servizo público.

4. A información catastral unicamente se facilitará nos formatos dispoñibles na Dirección Xeral do Catastro, utilizando sempre que sexa posible técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Artigo 51. *Datos protexidos.*

Para efectos do disposto neste título, teñen a consideración de datos protexidos o nome, apelidos, razón social, código de identificación e domicilio dos que figuren inscritos no catastro inmobiliario como titulares, así como o valor catastral e os valores catastrais do solo e, se é o caso, da construción dos bens inmoibles individualizados.

Artigo 52. *Condicións xerais do acceso.*

1. Todos poderán acceder á información dos inmoibles da súa titularidade e á información de datos non protexidos contidos no catastro inmobiliario.

2. A Dirección Xeral do Catastro poderá autorizar a transformación e posterior distribución da información catastral nos termos previstos no artigo 21 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, logo de petición do interesado na cal deberá constar o número de copias do produto transformado que se pretenda distribuír.

Artigo 53. *Acceso á información catastral protexida.*

1. O acceso aos datos catastrais protexidos só se poderá realizar mediante o consentimento expreso, específico e por escrito do afectado, ou cando unha lei exclúa o dito consentimento ou a información sexa solicitada nalgún dos supostos de interese lexítimo e directo seguintes:

a) Para a execución de proxectos de investigación de carácter histórico, científico ou cultural auspiciados por universidades ou centros de investigación, sempre que sexan cualificados como relevantes polo Ministerio de Facenda.

b) Para a identificación dos predios, polos notarios e rexistradores da propiedade e, en particular, para o cumprimento e execución do establecido no título V.

c) Para a identificación das parcelas estremeiras, con excepción do valor catastral de cada un dos inmo-

bles, polos que figuren no catastro inmobiliario como titulares.

d) Polos titulares ou cotitulares de dereitos de transcendencia real ou de arrendamento ou parceria que recaian sobre os bens inmobles inscritos no catastro inmobiliario, respecto dos ditos inmobles.

e) Polos herdeiros e sucesores, respecto dos bens inmobles do causante ou transmitente que figure inscrito no catastro inmobiliario.

2. Non obstante, poderán acceder á información catastral protexida, sen necesidade de consentimento do afectado:

a) Os órganos da Administración xeral do Estado e das demais administracións públicas territoriais, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, coas limitacións derivadas dos principios de competencia, idoneidade e proporcionalidade.

b) As comisións parlamentarias de investigación, o Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas, así como as institucións autonómicas con funcións análogas.

c) Os xuíces e tribunais e o ministerio fiscal.

d) Os organismos, corporacións e entidades públicas, para o exercicio das súas funcións públicas, a través da Administración de que dependan e sempre que concorran as condicións exixidas na alínea a).

Artigo 54. *Recurso de alzada.*

Corresponderalle ao director xeral do catastro a competencia para resolver o recurso de alzada establecido na sección 2.^a do capítulo II do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que se interpoña contra as resolucións ditadas en aplicación do previsto neste título.

TÍTULO VII

Das taxas catastrais

CAPÍTULO I

Taxa por inscrición catastral

Artigo 55. *Obxecto e natureza.*

A taxa por inscrición catastral é un tributo estatal que grava a incorporación de bens inmobles no catastro inmobiliario e a modificación dos seus datos descritivos por petición de parte.

Artigo 56. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa por inscrición catastral a incorporación ou modificación de datos no catastro inmobiliario, practicada en virtude da declaración de cada un dos seguintes feitos, actos ou negocios:

a) A realización de novas construcións e a ampliación, rehabilitación, demolición ou derruba das existentes, xa sexa total ou parcial, que non sexan obras de mera conservación e mantemento dos edificios ou afecten unicamente características ornamentais ou decorativas.

b) Os cambios de clase de cultivo ou de aproveitamento nos bens inmobles de natureza rústica.

c) A modificación de uso ou destino dos bens inmobles que non leven consigo ningunha das alteracións consideradas nos parágrafos anteriores.

d) A constitución, modificación ou adquisición da titularidade dos dereitos reais de usufruto ou de superficie e dunha concesión administrativa sobre bens inmobles ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.

e) A segregación ou división de bens inmobles e a agregación ou agrupación destes.

Artigo 57. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa por inscrición catastral as persoas naturais e xurídicas e as comunidades e entidades sen personalidade a que se refire o artigo 9.3 que efectúen a declaración.

Artigo 58. *Exención.*

1. Estarán exentos da taxa por inscrición catastral a Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas, as entidades que integran a Administración local e os demais entes públicos territoriais e institucionais cando actúen en interese propio e directo para o cumprimento dos seus fins.

Estas exencións concederanse logo de petición da entidade interesada, que deberá acreditar a concorrencia dos requisitos anteriormente indicados.

2. Así mesmo, estarán exentos da taxa por inscrición catastral os que efectúen as declaracións co programa informático de axuda subministrado pola Dirección Xeral do Catastro.

Artigo 59. *Devengo.*

A taxa por inscrición catastral devengarase o día en que se presente a declaración catastral, momento en que deberá xustificarse o pagamento.

Artigo 60. *Elementos cuantitativos.*

A contía da taxa por inscrición catastral será de 3,20 euros por cada inmovible rústico e de 6,20 euros por cada inmovible urbano ou de características especiais que, en cada caso, se vexa afectado polo feito imponible, excepto para os cambios de clase de cultivo ou de aproveitamento nos bens inmobles rústicos, que será de 3,20 euros por cada unha das subparcelas rústicas afectadas. Para tal efecto, entenderase por inmobles ou subparcelas afectadas as resultantes do feito, acto ou negocio cuxa inscrición se solicite.

CAPÍTULO II

Taxa de acreditación catastral

Artigo 61. *Obxecto e natureza.*

A taxa de acreditación catastral é un tributo estatal que grava a expedición de documentos pola Dirección Xeral do Catastro, por petición de parte.

Artigo 62. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa de acreditación catastral a expedición pola Dirección Xeral do Catastro ou polas xerencias e subxerencias do catastro, por instancia de parte, de certificacións en que figuren datos que consten no catastro inmobiliario, salvo que se obtengan directamente por medios telemáticos, e de copia dos seguintes documentos:

a) Ortofotografía.

b) Fotografía aérea.

- c) Cartografía.
- d) Información alfanumérica dixital.
- e) Copias de información non gráfica de expedientes.

Artigo 63. *Suxeitos pasivos.*

Serán suxeitos pasivos da taxa de acreditación catastral as persoas naturais e xurídicas, e as comunidades e entidades sen personalidade a que se refire o artigo 9.3, que soliciten o correspondente documento ou certificación catastral.

Artigo 64. *Exención.*

1. Estarán exentos da taxa de acreditación catastral a Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas, as entidades que integran a Administración local e os demais entes públicos territoriais e institucionais, cando actúen en interese propio e directo para o cumprimento dos seus fins, sempre que necesiten dispor de información catastral para o exercicio das súas competencias. Estas exencións concederanse logo de petición da entidade interesada, que deberá acreditar a concorrencia dos requisitos anteriormente indicados.

Estas mesmas entidades estarán exentas cando a información catastral solicitada se destine á tramitación de procedementos iniciados por instancia de parte que teñan por obxecto a concesión de axudas e subvencións públicas.

2. Así mesmo, gozarán de exención:

- a) As institucións que soliciten a información catastral para a tramitación dos procedementos de asistencia xurídica gratuíta.
- b) Os notarios e rexistradores da propiedade, nos casos previstos no título V, respecto de datos necesarios para a constancia documental da referencia catastral.
- c) As entidades que asinasen coa Dirección Xeral do Catastro un convenio ou acordo de colaboración para o mantemento, actualización ou xeración da información catastral.

Artigo 65. *Devengo.*

A taxa de acreditación catastral devengarase no momento da entrega do documento acreditativo solicitado polo suxeito pasivo, sen prexuízo da posibilidade de exixir o seu depósito previo.

Artigo 66. *Elementos cuantitativos.*

1. A contía da taxa de acreditación catastral será:

- a) Por certificacións catastrais literais: 3,20 euros por cada documento expedido, que se incrementará en 3,20 euros por cada un dos bens inmobles a que se refira o documento.
- b) Por certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a un inmoble, a contía será de 12,40 euros por documento expedido.

Cando as certificacións descritivas e gráficas incorporen, por petición do interesado, datos doutros inmobles, a contía incrementarase en 3,20 euros por cada inmoble.

2. A contía da taxa polas certificacións a que se refire o punto anterior incrementarase en 31,20 euros cando incorporen algún dato referido a unha data anterior en máis de cinco anos ao momento da solicitude.

3. Non obstante, por cada un dos documentos que especificamente se relacionan as contías da taxa serán as seguintes:

- a) Copia de ortofotografías en papel fotográfico ou diapositiva: 31,20 euros/unidade.
- b) Copia de ortofotografías en papel opaco: 12,40 euros/unidade.
- c) Copia de ortofotografías en soporte dixital: 31,20 euros /unidade.
- d) Copia de fotografía aérea en positivo por contacto: 9,40 euros/unidade.
- e) Copia de fotografía aérea en papel opaco: 6,20 euros/unidade.
- f) Copia de cartografía en papel opaco DIN A-3 ou DIN A-4: 6,20 euros/unidade.
- g) Copia de cartografía en papel opaco en tamaño superior a DIN A-3: 12,40 euros/unidade.
- h) Copia de cartografía en papel reproducible: 31,20 euros/unidade.
- i) Copia de cartografía dixitalizada de bens inmobles urbanos e de características especiais: 3,20 euros/hectárea.
- j) Copia de cartografía dixitalizada de bens inmobles urbanos e de características especiais para a súa transformación e distribución: 0,40 euros/hectárea por cada copia que se autorice distribuír.
- k) Copia de cartografía dixitalizada de bens inmobles rústicos: 0,20 euros/hectárea.
- l) Copia de cartografía dixitalizada de bens inmobles rústicos para a súa transformación e distribución: 0,03 euros/hectárea por cada copia que se autorice distribuír.
- m) Información alfanumérica dixital: 0,06 euros/registro.
- n) Expedición de copias de información non gráfica de expedientes: 0,40 euros/folla.

CAPÍTULO III

Liquidación, xestión e pagamento das taxas catastrais

Artigo 67. *Liquidación.*

1. Os suxeitos pasivos da taxa por inscrición catastral están obrigados a practicar as operacións de autoliquidación tributaria necesarias para o ingreso do seu importe.

2. A taxa de acreditación catastral será obxecto de liquidación pola Dirección Xeral do Catastro ou as xerencias e subxerencias do catastro.

Artigo 68. *Xestión.*

1. A xestión da taxa por inscrición catastral e a comprobación da autoliquidación correspóndelles ás xerencias e subxerencias do catastro que efectúen a incorporación ou modificación de datos catastrais.

Os concellos, deputacións provinciais, comunidades autónomas uniprovinciais, cabidos e consellos insulares e demais entidades territoriais verificarán o aboamento da taxa cando teñan delegada pola Dirección Xeral do Catastro a tramitación da inscrición.

Cando a tramitación para a inscrición catastral sexa realizada por delegación polas entidades indicadas no parágrafo anterior, o 50 por cento do importe da taxa de inscrición catastral recadada corresponderalles ás ditas entidades.

2. A xestión da taxa de acreditación catastral correspóndelles á Dirección Xeral do Catastro ou ás xerencias e subxerencias do catastro que expidan as certificacións ou os documentos.

Artigo 69. *Pagamento.*

O pagamento das taxas será realizado en efectivo polo procedemento establecido na normativa que regula a xestión recadatoria das taxas da Facenda pública, e deberá xustificarse no momento en que se efectúe a declaración para a incorporación ou modificación no catastro inmobiliario ou no momento da entrega do documento acreditativo solicitado polo suxeito pasivo.

TÍTULO VIII**Das infraccións e sancións****Artigo 70. *Infraccións.***

Constituirán infracción tributaria simple os seguintes feitos ou condutas, sempre que non operen como elemento de gradación da sanción:

- a) A falta de presentación das declaracións, non efectualas en prazo e a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas. Se fosen varios os obrigados a presentar unha declaración, cumprida a obriga por un deles, entenderase cumprida por todos.
- b) O incumprimento do deber de achegar a referencia catastral a que se refire o artigo 40, aínda que quedan exonerados de responsabilidade os interesados que acrediten ter solicitado do catastro inmobiliario a referencia catastral dos predios afectados.
- c) O incumprimento do deber de comunicación a que se refire o artigo 14.
- d) O incumprimento do deber de subministrar datos, informes ou antecedentes a que se refire o artigo 36.
- e) A resistencia, escusa ou negativa ás actuacións da Administración catastral, xa sexa en fase de xestión ou de inspección.

Artigo 71. *Réxime sancionador.*

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior sancionaranse con multa de 60 a 6.000 euros, salvo que se trate da presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, ou da conduta prevista na alínea d) do citado artigo; neste caso a multa será de seis a 60 euros por cada dato omitido, falseado ou incompleto que deba figurar nas declaracións ou ser achegado en virtude dos requirimentos efectuados e sen que a contía total da sanción poida exceder de 6.000 euros. Se, como consecuencia da resistencia do suxeito infractor, a Administración non puidese coñecer a información solicitada nin o número de datos que esta debese comprender, a infracción sancionárase con multa de 1.000 a 6.000 euros.

2. As sancións graduaranse atendendo en cada caso concreto aos seguintes criterios, conforme as regras de aplicación que se determinen regulamentariamente:

- a) A comisión repetida de infraccións tributarias.
- b) A resistencia, negativa ou obstrución á acción investigadora da Administración catastral.
- c) A utilización de medios fraudulentos na comisión da infracción ou a comisión desta por medio de persoa interposta. Para estes efectos, considerarase medio fraudulento o emprego de documentos falsos ou falseados.
- d) A falta de cumprimento espontáneo ou o atraso no cumprimento das obrigas ou deberes formais ou de colaboración.
- e) A transcendencia para a eficacia da xestión catastral dos datos, informes ou antecedentes non facilitados e, en xeral, do incumprimento das obrigas formais e de colaboración ou información á Administración tributaria.

Disposición adicional única. *Renovación do catastro rústico.*

1. Só se poderá proceder á determinación de valores catastrais no ámbito dos bens inmobles rústicos de acordo co disposto no título II desta lei, cando no respectivo municipio se efectuase, previa ou simultaneamente, a renovación do catastro.

Para estes efectos, considerarase xa renovado o catastro dos bens inmobles rústicos dos municipios en que a rectificación das características catastrais se realizou sobre ortofotomapa e que dispoñían de cartografía dixitalizada á entrada en vigor da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, cuxa relación foi publicada no "Boletín Oficial del Estado" mediante Resolución da Dirección Xeral do Catastro do 9 de maio de 2002.

2. A renovación, que se iniciará mediante anuncio publicado no boletín oficial da provincia e se desenvolverá de oficio, terá por obxecto a rectificación xeral, a partir de bases gráficas actualizadas, das características catastrais dos citados bens, entre as que se encontrará o seu valor catastral obtido de conformidade co establecido na disposición transitoria segunda desta lei.

Logo de anuncio no boletín oficial da provincia, as características catastrais renovadas expóñense ao público no concello durante un prazo mínimo de 15 días. Neste período e durante os 15 días seguintes ao da súa finalización os interesados poderán presentar alegacións.

A resolución pola que se aproben as novas características catastrais, cuxos efectos se producirán de acordo co disposto no artigo 57.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificaráselles aos interesados mediante a súa publicación no concello por un prazo de 15 días, logo de anuncio de exposición no boletín oficial da provincia, sen prexuízo de que, se así o solicitan no expresado prazo, poidan obter gratuitamente copia das características catastrais dos seus inmobles.

3. As novas características catastrais incorporaranse ao padrón catastral do ano seguinte ao da súa aprobación.

O prazo máximo de resolución deste procedemento será de 18 meses contados a partir do seu inicio. Non obstante, poderá ampliarse o dito prazo por outros 18 meses por circunstancias excepcionais ou cando se trate de actuacións que revistan especial complexidade. O incumprimento deste prazo producirá a caducidade do expediente.

Disposición transitoria primeira. *Clasificación de bens inmobles e contido das descrições catastrais.*

1. A clasificación dos bens inmobles rústicos e urbanos establecida por esta lei terá efectividade desde o 1 de xaneiro de 2006. As incorporacións ou modificacións no catastro inmobiliario que para iso procedan serán realizadas de oficio pola Dirección Xeral do Catastro e non requirirán notificación individualizada aos titulares catastrais, sempre que non se modifique a descripción catastral dos ditos bens.

Ata a dita data, os bens inmobles que figuren ou que se dean de alta no catastro inmobiliario terán a natureza que lles correspondería conforme a normativa anterior á entrada en vigor da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Non obstante, nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral que se iniciasen a partir da entrada en vigor da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, será de aplicación a clasificación de bens contida nesta lei, coa excepción das construcións

cións situadas en solo rústico, que se rexerán polo establecido no parágrafo anterior.

2. Os bens inmobles de características especiais que, á entrada en vigor da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, consten no catastro inmobiliario conforme a súa anterior natureza, manterán ata o 31 de decembro de 2005 o valor, sen prexuízo da súa actualización cando proceda, así como o réxime de valoración.

A incorporación ao catastro inmobiliario dos restantes inmobles que, conforme esta lei, teñan a condición de bens inmobles de características especiais practícarase antes do 31 de decembro de 2005.

3. A descrición dos bens inmobles contida no catastro inmobiliario no momento da entrada en vigor da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, manterase ata que teña lugar a práctica doutra posterior conforme os procedementos de incorporación regulados nesta lei ou ata que por calquera outro medio se modifique, sen prexuízo da actualización de valores.

Non obstante, será a partir do 1 de xaneiro de 2005 cando se incorporen as titularidades que correspondan conforme os supostos e regras desta lei, sempre que así resulte dos procedementos de declaración, comunicación, solicitude, resolución de discrepancias e inspección catastral previstos nela e iniciados con posterioridade á citada data.

Disposición transitoria segunda. Valoración catastral de bens inmobles rústicos.

O establecido no título II desta lei para a determinación do valor catastral queda en suspenso respecto dos bens inmobles rústicos ata que mediante lei se estableza a data da súa aplicación.

Ata ese momento, o valor catastral dos referidos bens será o resultado de capitalizar ao tres por cento o importe das bases liquidables vixentes para a exacción da Contribución Territorial Rústica e Pecuaria correspondente ao exercicio 1989, obtidas mediante a aplicación dos tipos avaliarios da dita contribución, prorrogados en virtude do Real decreto lei 7/1988, do 29 de decembro, ou dos que se aprobasen posteriormente en substitución deles, e sen prexuízo da súa actualización anual mediante os coeficientes establecidos e os que establezan as leis de orzamentos xerais do Estado, unha vez incorporadas as alteracións catastrais que experimentasen ou experimenten en cada exercicio.

Disposición transitoria terceira. Constancia documental e rexistral da referencia catastral de bens inmobles rústicos.

Non será de aplicación o establecido no título V desta lei aos bens inmobles rústicos situados nos municipios en que non finalizase a renovación do catastro rústico conforme o previsto na disposición adicional única desta lei.

Disposición transitoria cuarta. Normativa preexistente.

Mentres non se leven a efecto as previsións de desenvolvemento regulamentario contidas nesta lei, continuarán en vigor, en canto non se opoñan a esta, as normas regulamentarias existentes, así como calquera outra dita en desenvolvemento da normativa anterior á Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

As referencias contidas na dita normativa anterior a revisións catastrais, fixacións, revisións e modificacións de valores e modificacións de cadros entenderanse feitas aos procedementos de valoración colectiva xeral ou parcial, ou, se é o caso, ao procedemento de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais, e as realizadas a alteracións de orde física,

económica ou xurídica concernente aos bens inmobles, aos feitos, actos ou negocios susceptibles de incorporación no catastro inmobiliario. Igualmente, as referencias anteriores aos cambios de cultivo ou aproveitamento entenderanse realizadas aos cambios de clase de cultivo ou aproveitamento.

De igual forma, as referencias ao procedemento previsto para cambios de natureza e aproveitamento no artigo 71.3 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, entenderanse feitas ao procedemento simplificado de valoración colectiva.

Disposición transitoria quinta. Procedementos en tramitación.

1. Aos procedementos iniciados antes da entrada en vigor da Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, esta non lles será de aplicación, nin tampouco esta lei, rexéndose pola normativa anterior.

2. Os procedementos de rectificación xeral das características catastrais dos bens inmobles de natureza rústica iniciados e non finalizados no momento da entrada en vigor da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, rexeranse polo establecido na disposición adicional única desta lei, incluído o prazo máximo de 18 meses para a resolución do procedemento, ben que este comezará a contar a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Disposición transitoria sexta. Referencias á Lei xeral tributaria.

Ata a entrada en vigor da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as remisións á dita norma contidas nesta lei entenderanse realizadas á Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e á Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes. En particular, as remisións contidas no punto 1 do artigo 16, no punto 2 do artigo 29 e nos puntos 1 e 2 do artigo 36 desta lei entenderanse realizadas, respectivamente, ao artigo 116, aos puntos 4 e 5 do artigo 105 e aos artigos 111 e 112 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta lei dítase ao amparo do establecido no artigo 149.1.14.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento da lei.

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

4214 REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. («BOE» 59, do 9-3-2004, e «BOE» 63, do 13-3-2004.)

I

A disposición adicional quinta da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior e